

ANÁLISE AMBIENTAL

Iremos coñecendo parte desta zona de rede Natura a través da divulgación científica; a cor da auga, a súa temperatura, a batea de control existente xusto na desembocadura do Ulla, que é a rede Natura, cal é a súa importancia, ..

Lugar	Río Ulla - Torres de Catoira
Data	19 de setembro
Horario	11.30 h. a 13.30 h. aprox.
Prazas	10
Destinatarios	Todos os públicos
Prezo	20 € / persoa
Recomendacións	Vir con roupa e calzado cómodos.

MYTILUS GALLOPROVINCIALIS: GRAN FILTRADOR

Se existe un organismo mariño que sexa curioso e que sen dúbida teña un peso na nosa comunidade, ese é o mexillón. Abordo da embarcación Chasula falaremos do seu cultivo en bateas e da importancia que ten nel a ría de Arousa, no marco de Galicia.

Lugar	Cambados
Data	23 e 29 de agosto
Horario	11.00 h. a 14.00 h.
Prazas	12
Destinatarios	Todos os públicos
Prezo	30 € / persoa
Recomendacións	Non hay. Terá lugar unha desgustación.

COS 5 SENTIDOS

O que pretendemos é facer chegar ao visitante o máis significativo da illa pero a través dos sentidos de xeito que se verá inmerso nunha actividade sensorial na que terá que tocar, ulir, escoitar e incluso saborear para poder achegarse aínda máis a todo o que lle contemos da illa.

Lugar	Illa de Sálvora
Data	21 de setembro
Horario	11.30 h. a 13.30 h. aprox.
Prazas	20
Destinatarios	Todos os públicos
Prezo	20 € / persoa
Recomendacións	Vir con roupa e calzado cómodos.

AVISTAMENTO DE AVES E MAMÍFEROS MARÍÑOS

Avistamento de aves mariñas, sobretudo aves que habitan nas zonas protexidas ou preto delas. A ría de Arousa conta con varias espazos naturais protexidos. Nela, e sobretudo a través dunha tarvesía abordo do Chasula, resulta doado atoparnos con aves que amiúdo non vemos.

Lugar	Illa de Arousa, Praia.
Data	13 de setembro
Horario	16.30 h. a 19.30 h.
Prazas	12
Destinatarios	Todos os públicos
Prezo	30 € / persoa
Recomendacións	Vir con roupa de baño e recambio.


TURISMO CIENTÍFICO

agosto - setembro 2018

Destino Galicia



- SNORKEL CIENTÍFICO
- INTERMAREAL
- CORTEGADA AO MICROSCOPIO
- HABITANTES DAS NOSAS COSTAS
parque Natural de Corrubedo
- ANÁLISE AMBIENTAL
travesía Río Ulla
- COS 5 SENTIDOS
Parque Nacional - Illa Sálvora
- MYTILUS GALLOPROVINCIALIS
Travesía Ría de Arousa



QUE É, TURISMO CIENTÍFICO: DESTINO GALICIA.

Potenciar o turismo científico en Galicia, a través de accións de divulgación centradas nos espazos protexidos e outros recursos naturais da ría de Arousa. Trátase dunha programación de actuacións definidas de carácter divulgativo coas que dar a coñecer diferentes destinos e recursos dende un punto de vista científico pero a través dunha metodoloxía dinámica e amena de forma que calquera persoa poida disfrutar e beneficiarse da mesma.

FORMA DE INSCRICIÓN

- Cubrindo o formulario que aparece ao final desta información.
- Podedes facer a inscrición para as datas que queirades (pódese ir a máis de unha actividade).

A inscrición é por rigorosa orde de chegada do formulario que está no enlace <http://arenariacoordinacion.com/turismo-cientifico-destino-galicia/> (deben constar os datos cubertos e o pago realizado).

Determinada información da actividade (punto de encontro e outros) seralle comunicada á xente inscrita.

Todos os menores deberán ir acompañados dun adulto en todas as actividades.

FORMA DE IPAGO

Ingreso ou transferencia ao nº de conta que se indica de seguido:

ES83 2080 0308 4530 4001 5292 (Entidade: ABANCA)

Titular: Arenaria Coordinación, S.L.U.

O pago debe estar feito alo menos 4 días antes da realización da actividades. As cancelacións deben comunicarse vía email a: info@arenariacoordinacion.com. Aquelas cancelacións que non se fagan alo menos con 3 días de antelación con respecto á data da actividade non recuperarán o abono realizado.

LÍMITE DE PRAZAS

Todas as actividades contan con límite de prazas que ven marcado polo aforo das embarcacións que se empregarán e polos espazos que se van visitar (Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e Lagoas de Carregal e Vixán - Parque Natural de Corrubedo).

Cando te inscribes, recibes unha mensaxe que xa che indica se estás na actividade ou se formas parte da lista de agarda.

SNORKEL CIENTÍFICO

Faremos unha sesión de snorkel na que disfrutaremos coñecendo máis sobre os fondos mariños que nos rodana, a flora e a fauna da man de oceanógrafos que nos contarán curiosidades e responderán as preguntas e curiosidades que teñamos.

Lugar	Illa de Arousa, Praia.
Data	6 de setembro
Horario	17.00 h. a 19.00 h. aprox.
Prazas	20
Destinatarios	Todo público >6 anos
Prezo	25 € / persoa
Recomendacións	Vir con roupa de baño e recambio.

CORTEGADA AO MICROSCOPIO

Cortegada ao microscopio pretende ser unha visita coa que coñecer aspectos miúdos do arquipélago de Cortegada; faremos unha visita polos roteiros existentes pero centraremos a nosa atención naquelo no que os nosos ollos non son quen de ver: organismos microscópicos, liques, fungos, etc..

Lugar	Illa de Cortegada. Carril
Data	31 de agosto
Horario	Por determinar (2 horas).
Prazas	25
Destinatarios	Calquera que poida camiñar
Prezo	15 € / persoa
Recomendacións	Calzado pechado e cómodo.

INTERMAREAL

Da man de oceanógrafos, divulgadores profesionais, coñeceremos a zona “entre mareas” dunha praia, na que poderemos atopar numerosos representantes das familias de organismos que viven en medio mariño. Visitaremos unha zona de intermareal areoso e rochoso.

Lugar	Aguiño - Ribeira
Data	4 de setembro
Horario	11.30 h. a 14.00 h.
Prazas	20
Destinatarios	Todo público >6 anos
Prezo	15 € / persoa
Recomendacións	Calzado pechado e cómodo. E recambio.

HABITANTES DAS NOSA COSTAS

A través dunha colección biolóxica que conta con representantes de organismos mariños de case que todas as familias existentes nas nosas costas, os visitantes coñecen curiosidades e datos sobre eles dun xeito ameno e de diálogo. Cultura gastronómica, vedas, trazabilidade e frescura, etc..

Lugar	Parque Natural Corrubedo
Data	21 de agosto
Horario	Por determinar (2 horas).
Prazas	25
Destinatarios	Calquera que poida camiñar
Prezo	15 € / persoa
Recomendacións	Calzado pechado e cómodo.